



O PARTIDO GALEGO NO COUTO MIXTO

Antes da lectura do manifesto gardase 1 minuto de silencio en lembranza do ilustre galeguista, falecido o día 2 de este mes , ALFONSO ÁLVAREZ GÁNDARA.

MANIFESTO

Nesta realidade política histórica situada entre os dous Estados Ibéricos(España e Portugal) e no que hoxe é a EUROREXIÓN EUROPEA (GALICIA/ NORTE de PORTUGAL) . Que foi unha realidade de seu de 27 Km. Cuadrados, unha República, que na parte galega ourensá esta formada por Meaus dos Mixtos da parroquia de Tosende que pertence o Concello de Baltar, e Rubías e Santiago dos Mixtos, que é parroquia e pertence o Concello de Calvos de Randín. Na parte potuguesa e coñecida como o Alto Barroso e todos os pobos pertencen o Concello de Montealegre (Tourém, Pitoes das Junias, Mourilhe, Sabucedo, Donoes, Padroso e Sendín).

O Partido Galego pide A Xunta de Galicia para este territorio, o amparo do artigo 10 i) da Lei 5 de 2016 de Patrimonio cultural de Galicia de Galicia, a súa **declaración como territorio histórico de interese cultural.**

Pero tamén en base as verbas de Vicente Risco e os datos da poboación destes territorios debemos ir moito maia alá.

Decía Don Vicente o homenaxeado polo Partido Galego o pasado 25 de xullo “ que o aspecto dos pobos e do País a un e outro lado da raía e idéntico”

Vamos dar agora uns breves apuntamentos de poboación, o Couto Mixto, segundo Madoz en 1845 tiña 200 veciños que equivalían a 800 habitantes. En 1864 na opinión do derradeiro Xuíz elixido democraticamente a poboación non excedía dos 1000 habitantes.

García Maña, estudoso do Couto Mixto estima que nos mellores momentos unha poboación de 960 habitantes.

Risco destaca ademais que o aspecto do País e dos seus habitantes e idéntico, tanto no que atinxe os seus aspectos antropolóxicos trazos físicos, carácter e costumes, como nas clases de cultivos, métodos de traballo da terra, tipoloxía de vivenda etc.

Se nos centramos na evolución da poboación, parte fundamental da revitalización ou da progresiva extinción dun territorio, no século XX, resulta o seguinte:

A poboación do Estado español medrou arredor dun 115% (de 18.617.000 a 40.202.000)

Galicia xa só creceu e só na franxa costeira un 38%.

Mentres a provincia de Ourense decreceu un 15 % que si estiramos a comparativa a actualidade decreceu un 23,26% .

Nos concellos de Calvos de Randín e Baltar a diminución e dun 59%.

O Couto Mixto tivo unha diminución dun 81%

Por outra parte, no outro lado da raia, no Alto Barroso de Montealegre, pola contra só decreceu lixeiramente.

Por estes datos o PARTIDO GALEGO, fai este manifesto para PARAR ESTE DECLIVE XA, ESTA GALOPANTE EXTINCIÓN DO COUTO MIXTO, DOS CONCELLOS DE BALTAR E CALVOS DE RANDÍN, E TAMÉN DA PROVINCIA DE OURENSE.

OS FONDOS EUROPEOS PARA A RECUPERACIÓN DO RURAL HAI QUE INVESTILOS XA NA BAIXA LIMIA, E NO RURAL OURENSÁN .

QUE NON NOS ROUBEN O QUE É NOSO.

O PARTIDO GALEGO, CHAMA OS GALEGOS E SOBRE TODO A POBOACIÓN DO RURAL A CREER EN NÓS MESMOS E A SACAR DE ENCIMA DE NÓS A RESIGNACIÓN.

!! VIVA A GALICIA QUE DESPERTA !!

!! VIVA A EUROREXIÓN GALICIA/ NORTE DE PORTUGAL!!

13 de agosto de 2021